

**Nº 23**

**Xoves, 30 de setembro de 2010.** Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo (Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: **20 horas.** Lugar: **Refectorio** do Museo Provincial. Duración aprox.: **1:30 h.** Deseño gráfico e animación dixital: **tatata.** Coordina: **Antonio Reigosa.**

**SUMARIO****Portada musical**

Tema: *Chove en Santiago* (Federico G. Lorca)  
Arranxo musical para a obra de teatro "Km 526" de Paloma Lugilde. Intérpretes: **Carlos Díaz, Xabi Díaz e Paloma Lugilde** (3')

**O cruceiro do adro da igrexa de Trobo, Begonte (Lugo)**

por **Fernando Arribas Arias** (5')

**Música**

Tema: *Meu Amor* (Poema-correspondencia entre os pais de Luz Pozo Garza na guerra civil). Arranxo musical para a obra de teatro "Km 526" de Paloma Lugilde. Intérpretes: **Carlos Díaz, Xabi Díaz e Paloma Lugilde** (3')

**Lectura**

*Fume* (texto e imaxes), por **Antón Fortes** (5')

**Cine**

Presentación e proxección da curtametraxe "Leo" de Fernando Cortizo, por **María Hernanz** (15')

**Música**

Tema: *Nanas de la Cebolla* (Poema de Miguel Hernández). Música e interpretación: **Carlos Díaz** (3')

**Lectura**

*Caderno de Animalista* (texto e imaxes), por **Antón Fortes** (5')

**Presentación do proxecto: Queres que cho conte?**

por **Paloma Lugilde** (5')

**Lectura**

*O rato do souto e o rato da casa* (Proxecto: *Queres que cho conte?*). Voces: **Carlos Díaz, Paula**

**Buján, Sabela M. Eiriz, Bruno Martínez e Paloma Lugilde.** Ilustracións: **Sabela M. Eiriz e Mar Eiriz.** Música: **Carlos Díaz.** Comentario sobre os contos: **Antonio Reigosa** (10')

**Música**

Tema: *Nana dos avós.* Música e interpretación: **Carlos Díaz** (3')

**Lectura**

*O piollo e a pulga* (Proxecto: *Queres que cho conte?*). Voces: **Carlos Díaz, Paula Buján, Sabela M. Eiriz, Bruno Martínez e Paloma Lugilde.** Ilustracións: **Sabela M. Eiriz e Mar Eiriz.** Música: **Carlos Díaz.** Comentario sobre os contos: **Antonio Reigosa** (10')

**Música**

Tema: *Xulieta na auga.* Música de Carlos Díaz para a obra de teatro "O Público" de Paloma Lugilde. Intérprete: **Carlos Díaz** (3')

**Poesía**

"Espiñas" (Lectura de poemas de *Figuras masculinas de meio-corpo, Sexto Fetiche e Espiñas*), por **Antón Fortes** (5')

**Opinión**

Intervención do público. Entrega de diplomas aos amigos/as da revista (3')

**Epílogo**

por **Aurelia Balseiro**, directora do MPL (3')

**Contraportada musical**

Tema: *Durme neniña* (Xosé María Álvarez Blázquez). Música e interpretación: **Carlos Díaz** (3')



## COLABORAN NESTE NÚMERO

### Fernando Arribas Arias

Profesor de EXB e Licenciado en Humanidades, traballa como Técnico de Difusión no Museo Provincial de Lugo. Etnógrafo e Historiador de Cine, leva publicados diversos libros e artigos sobre a sétima arte en Lugo e sobre os cruceiros da Terra Chá. Conferenciante e investigador, actualmente prepara a súa tese de Doutoramento sobre os cruceiros galegos. Membro da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico-Artístico de Lugo en representación do Consello da Cultura Galega.

### Carlos Díaz

Nacín en Barcelona sendo o pequeno de catro irmaos nunha familia obreira. Cando tiña catro anos voltamos a Lugo, onde empecei máis tarde a estudar música co mestre Carlos Adrán no colexio Padres Franciscanos. Ós quince anos, meu irmán maior, Víctor, mercoume a miña primeira guitarra, comezando un gran amor por este instrumento. Pasei por formacións de todo tipo como cantante e guitarrista (Wendigo, HoraMuerta, Lugh, SoloVoces...) e actualmente formo parte de Grex, xunto co meu irmán e saxofonista Xabi Díaz, e tamén do grupo Kimuru. Formeime en guitarra con Aquilino Jacob e actualmente con David Vázquez na Escola Estudio de Santiago, onde estou cursando o Diploma Profesional en Música Moderna e Jazz. Formeime tamén en canto con Fernando G. Jácome e Noelia González, e fixen cursos de voz con Vicente Fuentes. Metinme no mundo do teatro da man de Paloma Lugilde, descubriendo con ela a importancia que ten a presenza escénica nun músico. Compuxen varias cancións para as súas obras, como o inicio orquestral de "*Construccións Clementina, dígame?*" de Palimoco Teatro, e moitas outras, gravadas ou interpretadas na mesma rúa.

### Antón Fortes

Nace en Sarria en 1957. Estuda Filoloxía Románica, Hispánica e Galego-Portuguesa na Universidade de Santiago de Compostela. É Catedrático de Lingua Galega e Literatura. As súas obras poéticas son *Figuras masculinas de medio-corpo* (1997), *Sexto Fetiche* (2001) e *Gris Cinza* (2009). En colaboración con Joanna Concejo publica *Fume* (2008) e en colaboración con Maurizio A. C. Quarello, *Caderno de Animalista* (2008). Actualmente ten no prelo o libro *Á sombra dos anacardios*, que sairá en breve. Traduciu as obras *Cobertor de estrelas* de Ricardo Lísias e *O gran libro dos retratos de animais* de Svjetlan Junakovic, entre outros.

### Proxecto: Queres que cho conte?

O proxecto *Queres que cho conte?*, agora en proceso de produción, promovido pola Área de Cultura, Vicepresidencia primeira, da Deputación de Lugo, pretende recrear e divulgar algúns dos contos da nosa tradición oral, recompilados preferentemente na provincia de Lugo. O principal obxectivo é o de entreter ao tempo que se dá a coñecer entre os máis novos este valiosísimo patrimonio inmaterial, alicerce da nosa literatura, fonte de emocións, escola de vida na sociedade tradicional. Agora, facendo uso das novas tecnoloxías e soportes vaise gravar un CD e editar un folleto ou libro-guía que dea a coñecer os textos así como as referencias de tipo histórico e literario. O equipo de *Palimoco Teatro*, coa coordinación e a dirección dramática de Paloma Lugilde, encárgase de todo o proceso. A música é orixinal de Carlos Díaz e os debuxos de Sabela M. Eiriz e Mar Eiriz. A documentación é de Antonio Reigosa.

---